

# Canto a Galicia.

---

ACCÉSIT

Autor: D. Francisco Sánchez García.



A "Irmandade da Fala" dirixíndose, en xuntanza da Corporazón municipal, Corte d' Amor e invitados, ó Teatro Alfonsetti pra asistire ós Xogos Froaes.

---

---

## ¡NAI GALICIA!...

---

Lema: A hestorea estúdiase nos feitos,  
e os feitos din qu-os povos que vanse  
quedand a zagueira d' os adiantos,  
están condanados a unha eterna depen-  
denza.

Do xardín que d' auras froles  
se cobren nas primadeiras,  
inda no vrau os cheirumios  
coma incens' arrecendeán.

Ven-o outono: anque se murche  
tod-o froito d' as rouseiras;  
anqu' esmáyens' as mapolas  
e os lelés córes non teñan,  
aínda ôs ceos dalle invidia,  
que, prodixo de maxeza,  
ningún iris s'acompara  
ô iris sagro en qu' os matices da terriña s' acondensan.  
Cheg-o inverno: n-él podrecen  
as froliñas que reganon as maus d' ángeles d' as nenas;  
as seiroxas son guindadas  
pol' o arqu' as escorrenta;  
sobr-o corpo as nordesías;  
pero a savea, alma da terra,  
rempuxando a eiscelsa vida que remozan as edades,  
e o misterio fixo eterna,  
frota sempre sobr-os povos  
com' as prumas d' un paxaro sobr-o podre d' a materia.  
E así frota, nai Galicia,

a tua y-alma sempre virxen sobr-a carne que cheirea.  
¿Cóma en corpo tan maltreito  
niñar pode alma tan grande, tan mauñífica e prefeuta ?  
Tamén no árbre qu' atestiga  
do pasado as doces léndas  
que fixenon as ledicias d' os sinxelos montañeses  
qu' inda soñan nas aldeas ;  
tamén no árbre centenareo  
que no podre das entranas ve a vellés de que se nembra,  
viv-a alada xuventude  
que s' aniña entr' os ramallos ó apuntal-as primadeiras.

---

¡ Alma lus que orfrebe mago  
cincelou en férrea quenlla !...  
Anqu' a rentes das fridas  
do teu corpo sempre abertas,  
entr-a carne laceirada pol-a lepra da ñomiña,  
os teus osos sanguentados y-escobertos aparezan ;  
anque ñúbrense os teus ollos vendo a raza desmembrarse  
por buscai-o que che sobra n' outros crimas e outras terras,  
anque mirel-os teus árbres sin paxaros e sin viños,  
e o silencio nas tuas chouzas, e os teus campos sin facendas,  
non por eso, ¡ alma das almas !,  
has deixar de ser quen eras :  
o que fuche ; o qu' es agora ;  
o qu' has sere : ¡ alma gallega .

---

Eu non sei como s' entoa menancóleos cantares,  
nin mimosas meloudías... Esa múseca tan leda  
toda layos e queixumes, tod' amor e sentimento,  
desconoce a que crióuse com' un toxo sobr-a serra.  
Eu non sei o que son mágoas ; eu non sei o que son choros,  
nin salayos, nin xemidos, nin lamentazós poéticas.  
Pero sei o que son bicos apricados a seu tempo  
sobr-a frente anacarada d' unha nai fermosa e tenra.

---

No gran libro da tua historia—que n-é o libro bretemoso  
qu' algú forxan escallando no estercoeiro das ideas—  
depreñdín qu' os nocedores do teu corpo estrapalado  
son d' os mesmos que ch' ofrecen seus amores.—¡Probe terra!—

Son os líricos sin lira, sin estilo, vos, nin gorxa,  
qu'aferrados as mintiras tradizoales de cen lëndas,  
se botanon mundo adiante pregoand' os teus pecados,  
sin sabel' o qu-é pecado, nin saber qu-é penitenza.  
Mundo adiante se botanon, e atoparon seus exendros  
tod-o aprauso que merecen os parizos da materia ;  
esa mel que pon nos beizos d'anguixola d'a gafulla  
doce dumes d'insolenza.

E inda mais: sobra tua carne, como graxos en bandadas ;  
sobr-o corpo—qu'a tua y alma non consinte as impurezas—  
ensanaronse os verdugos que roerán nos teus osos,  
si os deixaran, tantos anos cantos tí vida tiveras.  
¿ Nos conoces, nai quirida ? Son os zaches anamigos  
d' os teus dioses e os teus mártirs, d' o traballo e da concenza ;  
son os mesmos que loándoas acoitelan as tuas carnes  
e as tuas aas acoitelan ;  
que deteñen o teu voo  
na metá da sua carreira...  
Mais... ¿ a qué falarche d' eles  
s' os conoces, nai eiscela ?

O teu povo—que non soña c' as endrómeas lexendareas  
de que lémbrense iucoscentes os bufós d' a nosa terra—  
ha mestere ilo empuxando car-a lus das fibertades  
mainamente, pouqu-e pouco, porqu' ó pronto n' a receban  
os seus ollos costumados  
a soidad' e morte eternas.

E hay que porlle nas entranas, pr' afianzalo n' ansiedade  
que ten hoxe de ser libre, de ser povo e non ser besta  
o viñagre e o sal que proen, coleirizan y-enfourecen,  
emproando as euerxías que por medo non s' insenan.

¡O teu povo! Xa n-é o chorro que saltando na montaña  
soyo bañ-ós bendizoados dons que n-ela se limentan:  
e o regato mimosiño que se vai facendo río  
para logo ser torrente qu' asopalle o chau d' aldeas.

Se non queres velo un día freixa brava dos teu mares  
qu' impoente e reutadora desaffe a tod-a terra,  
tés qu' ancharlle o estreito cánler ond' os membros encollidos  
non atopan campo abondo pr'erxilarse cal deberan.

¡O teu povo!... Cando aventes esas forzas acochadas  
que onte ós trasgos s' asustaron e hoxe rínse da Estadea ;  
esas forzas qu' escondían da cibdade e d' os seus homes,

porqu-o home da cibdade... sigue cego a certas señas;  
cando volvas pol-a raza que desvives' esmorece  
n' un eisceo d' ansiedade de saber... e de prudenza,  
e o rempuxe d' os teus múscols vay-abrindo o fondo suco  
en que gréle e centupríquese a semilla das ideas;  
cando rompa o monte virxen o aguillón do teu arado,  
e renovel-a semente nós teus agros e as tuas leiras,  
je ll' insenes ós teus fillos as entranas da terra  
qu' arañanon tantos sigros sin ver case froito n-ela!;  
cando impoñal' os teus nervos como forza redentora,  
e a picaña d' os teus sonos desradigue as mañas herbas,  
e aporveitel' a inquietude da corrente das tuas y-augas  
pr' arrastrar ós niticates qu' estancanon tua riqueza...;  
a groriosa desventura de ser "soyo" muy fermosa—  
engadida c' os crarores do traball' e a intelixenza—  
ha trocarse en venturosa fermosur de fermosuras;  
qu' a labor e o entendimento cand' hirmánanse e compretan,  
axustándose ós mesteres eisixidos pol' os tempos—  
que cad' era ten seus dñores, seus praceres y-eisixenzas—  
fan felis ós que confían... nos seus nervos e os seus múscols,  
si lles serv' o ideal de guía e a vontade' os comprementa.

Queira Dios, Galicia miña, qu' os récramos d' esa aurora  
qu' anunceando novos rumos nos teus eidos alborexa,  
se non queden en dilirios e lusóns da fautesía  
dos que falan das tuas cousas por costume e por sistema.

Queira Dios qu' os novos rayos señan lume e non pinturas  
romedand' as laparadas e a roxés das tuas fogueiras.

Queira Dios qu' ós teus filliños—  
fillos, digo, non abortos que do amor de nai renegan—  
os abras-o lume novo  
qu' atizado por maus férreas  
ha lograr qu' os afemeados meiroeiros que t' adulan  
fáganse homes ou perezan.

Lume e ferro e o qu' has mestere  
pr' ó desbrave dos teus montes e as murradas de tuas veigas;  
lume e ferro pra rompel' os campos virxens  
e queimal' as terroeiras;  
ferro e lume, nai Galicia, pra carboal' as almas podres  
e aguilloal' as que dormentan.

Sobr-o mundo da mintira—outa sempre e frotadora,  
com' unh' ave no infinito—a tua y-alma sempre meiga,

vai subindo e vai soñando... vai soñando e vai subindo . .  
por fuxir da poderdume qu' infeuzoa o chau da terra.

Dend' altura ve ós seus fillos axitarse sobr a nao  
que no mar d' a vida somes' entre oleaxes y entre brétemas,  
e ilumíñ as filials anseas con oulimpos espradores;  
que pra unh' alma toda luces, non hay olas, nin hay treboas.

Pero a nai ve ós seus filliños que, com' ela ensiando triunfos,  
van sen rumbo n' ars d' a gloria, sono eterno d' os poetas;  
nin as sombras, nin a noite son capaces d' oucultarillos:  
¿Cánd' ha ser, Galicia, a hora de qu' os fillos a nai vexan?